




PROTOCOLO DE HIXIENIZACIÓN DOS VEHÍCULOS PICK-UP DO SPIF



1. **Tanto ao comezo da quenda como á súa finalización**, a/s persoas usuarias do vehículo, co EPI completo colocado (chaqueta-pantalón, lentes, luvas desechables e máscara) aplicarán* unha solución desinfectante (dilución de hipoclorito de sodio ou peróxido de hidróxeno (concentrado de auga osixenada ao 1%) pulverizándoa sobre todas as manillas externas do vehículo e sobre as solas das botas de cada usuario/a.
Deixar actuar durante polo menos 30 segundos.
2. Ventilarán o vehículo abrindo todas as portas, limparán o interior pulverizando a solución desinfectante sobre todas as manillas de apertura, volante, pancas de cambio e de freo de man, todos os cintos de seguridade, botóns da radio e do sistema de climatización, emisora, micro e elementos como a tarxeta de reposición, así como calquera outra parte do vehículo coa que puidesen estar en contacto.
Deixar actuar durante polo menos 30 seg.
3. Pulverizarán os asentos con peróxido de hidróxeno (concentrado de auga osixenada) ao 1%.
Deixar actuar polo menos durante 10 minutos coas portas pechadas.
4. Abrirán as portas.
Ventilar durante 2 minutos e comezar o servizo.

*: aplicar cun pano ou material desbotable.

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>

OBRIGATORIO MANTER NO INTERIOR DO VEHÍCULO ESTE DOCUMENTO PLASTIFICADO

